



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES. ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Anuncio

Resolución do 1 de outubro de 2024 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se anuncia a convocatoria do proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461J) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector.

No "Diario Oficial de Galicia" número 188, do 30 de setembro de 2024, publícase a ORDE do 19 de setembro de 2024 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461J) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, na que se establecen as bases xerais que rexen dita convocatoria.

A continuación sinálanse o número e características das prazas convocadas:

	Concello	Provisión por mobilidade PR461J	Acceso por promoción interna PR461F
1	Boiro	1	
2	O Barco de Valdeorras		1
3	Sada		1
4	Santiago de Compostela	1	3
5	Vigo	1	4
	TOTAIS	3	9

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da referida orde de convocatoria no "Boletín Oficial do Estado".

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria faranse públicos de conformidade coas bases da mesma.

A Estrada, 1 de outubro de 2024.- O director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, Santiago Villanueva Álvarez. A secretaria xeral de Presidencia, Beatriz Cuiña Barja.

R. 3449

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por Resolución de Alcaldía de data 30 de outubro de 2024, o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Subministración de Auga, correspondente ao exercicio 2022, no que se inclúe o canon da auga, e o Padrón da Taxa sobre prestación dos Servizos de Rede de Sumidoiros,

correspondente ao exercicio 2022, para os efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como da submisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio deste anuncio expóñense ao público no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de un mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario da **Taxa pola prestación do Servizo de Subministración de Auga, correspondente ao exercicio 2022, no que se inclúe o canon da auga, e da Taxa sobre prestación dos Servizos de Rede de Sumidoiros, correspondente ao exercicio 2022.**

- Prazo de ingreso (en período voluntario): **do 31 de outubro de 2024 ao 31 de decembro de 2024, ambos inclusive.**
- Modalidade de cobro: mediante ingreso en calquera das seguintes contas bancarias: **ES17 2080 0166 1731 1000 0073 (ABANCA) e ES54 3070 0024 0611 3824 4320 (CAIXA RURAL GALEGA).**

Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.

A. Lugar de ingreso: **entidades financeiras anteriormente relacionadas.**

B. Días e horas de ingreso: **días hábiles, de luns a venres, das 10:00 ás 14:00 horas.**

Os contribuíntes que reciban o aviso de pagamento poderán pagalo presentando o aviso nas oficinas das entidades financeiras anteriormente relacionadas.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, dos custes do procedemento de constrinximento.

No tocante ao canon da auga, advírtese que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, faise constar que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Antas de Ulla, 30 de outubro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 3450

BARALLA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía número 182 de 5 de novembro de 2024, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao **terceiro** trimestre do ano 2024:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, **no que se inclúe o canon da auga (3º trimestre do ano 2024).**
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de augas residuais e sumidoiros.

Exponse ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto da aprobación dos padróns de: abastecemento de auga a domicilio, recollida de lixo e augas residuais e sumidoiros, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

Contra a Resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falta de pagamento do Canon da Auga, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende esta notificación.

Baralla, 5 de novembro de 2024.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 3451

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 29/10/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/01/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 4 de novembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3452

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data //2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo de 2024 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 07/01/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 29 de outubro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3453

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 3º trimestre do ano 2024 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao terceiro trimestre do 2024, terá lugar dende o días **02/12/2024 ao 31/01/2025** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- a. Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.
- b. Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 30 de outubro de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3455

O PÁRAMO

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2024, acordou a aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería do exercicio anterior.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

O Páramo, 5 de novembro de 2024.- O 1º Tenente Alcalde por delegación, Benjamín García Toirán.

R. 3456

RÁBADE

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 6º bimestre do 2023.

Por Decreto da Alcaldía de data 31 de outubro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 6º bimestre do 2023, cuxo importe total ascende á cantidade de 84.942,55 (oitenta e catro mil novecentos corenta e dous con cincuenta e cinco) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 23 de decembro do 2023 ao 1 de marzo de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 31 de outubro de 2024.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3457

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 1º bimestre do 2024.

Por Decreto da Alcaldía de data 31 de outubro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 1º bimestre do 2024, cuxo importe total ascende á cantidade de 87.704,74 (oitenta e sete mil setecentos catro con setenta e catro) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 23 de febreiro do 2024 ao 3 de maio de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 31 de outubro de 2024.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3458

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 2º bimestre do 2024.

Por Decreto da Alcaldía de data 31 de outubro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 2º bimestre do 2024, cuxo importe total ascende á cantidade de 87.059,82 (oitenta e sete mil cincuenta e nove con oitenta e dous) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 25 de abril do 2024 ao 4 de xullo de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 31 de outubro de 2024.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3459

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 3º bimestre do 2024.

Por Decreto da Alcaldía de data 31 de outubro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 3º bimestre do 2024, cuxo importe total ascende á cantidade de 81.760,38 (oitenta e un mil setecentos sesenta con trinta e oito) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 26 de xuño do 2024 ao 25 de agosto de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 31 de outubro de 2024.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3460

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 4º bimestre do 2024.

Por Decreto da Alcaldía de data 31 de outubro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 4º bimestre do 2024, cuxo importe total ascende á cantidade de 89.729,74 (oitenta e nove mil setecentos vinte e nove con setenta e catro) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido

na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 29 de agosto do 2024 ao 28 de outubro de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 31 de outubro de 2024.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3461

O SAVIÑO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MC 18/2024. MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS (EXP. 1244/2024)

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2024, no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 18/2024, na modalidade de suplemento de crédito, por un importe total de 211.560,90 euros, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, polo que se entende elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, e que se publica conforme ao disposto no artigo 169.3 do mesmo texto legal:

Suplementos en aplicacións de gastos

Orzamento de gastos

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DESCRICIÓN	
	Progr.	Económica		
	161	22100	Auga potable. Enerxía eléctrica.	52.000,00
	165	22100	Alumbrado público. Enerxía eléctrica	44.000,00
	312	22100	Hospitais,ss asistenciais e centros de saúde. Enerxía eléctrica	1.000,00
	320	22100	Educación.Enerxía eléctrica.	2.500,00
	320	22799	Educación. Outros traballos realizados empresas priv.	26.560,69
	330	22699	Cultura. Outros gastos diversos	16.000,00
	332	22100	Bibliotecas. Enerxía eléctrica	1.000,00
	338	22699	Festas Populares. Outros gastos diversos	35.000,00
	342	22100	Instalacións deportiv. Enerxía elec	6.000,00

	920	22100	Admón xral.Energía eléctrica.	1.500,00
	920	22699	Admón xral. Outros gastos diversos	15.000,00
	920	22799	Admón xral.	10.000,00
	931	351	Politica Economica e Fiscal. Outros gastos financieros	1.000,00
			Total	211.560,90
			TOTAL GASTOS SUPLEMENTO	211.560,90

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Suplementos en Concepto de Ingresos

Concepto	Descrición	Euros
870.00	Remanente Tesourería para Gastos Xerais	211.560,90
	TOTAL INGRESOS	211.560,90

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. A interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviñao, 6 de novembro de 2024. Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3462

VILALBA

Anuncio

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións nin alegacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 1/08/2024 da **"Modificación das bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2024 na súa base número 24 relativa ás normas especiais das subvencións nominativas, engadindo un punto tres bis que conteña unha relación nominal de subvencións, cos beneficiarios, obxecto e importe relacionados no anexo que acompaña ao acordo plenario (expte. 3879/2024)"**, acordo que se publicou no BOP nº 186 do 12/08/2024, e expúxose no taboleiro de anuncios deste Concello entre os días 5 de agosto e 4 de setembro do 2024, no cumprimento do estipulado nos artigos 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, insertándose de seguido o texto íntegro da dita modificación.

SUBVENCIONES NOMINATIVAS 2024				
Beneficiarios	Obxecto	CIF	Aplicación orzamentaria	IMPORTE 2024
ASOC. Cultural Alba Unete a Noa	Organización festas	***1822*	338.48914	1.200,00 €
ASOC FESTEXOS ARBOL	Organización festas	***1984*	338.48914	1.200,00 €
ASOC de FESTAS de BELESAR	Organización festas	(pendiente de constitución)	338.48914	1.200,00 €
ASOC FESTAS BOIZÁN	Organización festas	***9125*	338.48914	1.200,00 €
ASOC CARBALLIDO	Organización festas	***9976*	338.48914	1.200,00 €
ASOC CODESIDO	Organización festas	***6802*	338.48914	1.200,00 €

ASOC CORVELLE	Organización festas	***7274*	338.48914	1.200,00 €
MONTE VECINA MANO COMUN TOXOSO (SAN SIMÓN)	Organización festas	***0802*	338.48914	1.200,00 €
ASOC DISTRIZ	Organización festas	***3552*	338.48914	1.200,00 €
ASOC GOIRIZ S XXI	Organización festas	***0779*	338.48914	1.200,00 €
ASOC DE VECIÑOS DE GONDAISQUE	Organización festas	***6634*	338.48914	1.200,00 €
ASOC INSUA	Organización festas	***5925*	338.48914	1.200,00 €
ASOC LADRA	Organización festas	***7849*	338.48914	1.200,00 €
ASOC LANZÓS	Organización festas	***2714*	338.48914	2.400,00 €
ASOC DA MADALENA (MOURENCE)	Organización festas	***2933*	338.48914	1.200,00 €
ASOC COMISIÓN NETE	Organización festas	***8266*	338.48914	1.200,00 €
ASOC NOCHE	Organización festas	***5072*	338.48914	1.200,00 €
ASOC FESTAS OLEIROS	Organización festas	***8265*	338.48914	1.200,00 €
ASOC FESTAS RIOAVESO	Organización festas	***1688*	338.48914	1.200,00 €
ASOC FESTAS ROMAN	Organización festas	***6956*	338.48914	1.200,00 €
MONTE VECINAL TOXOSO (SAMARUGO)	Organización festas	***0771*	338.48914	1.200,00 €
ASOC FESTAS SANCOVADE	Organización festas	***8477*	338.48914	1.200,00 €
ASOC FESTAS SANTABALLA	Organización festas	***7632*	338.48914	1.200,00 €
ASOC CULTURAL SOEXO	Organización festas	***1837*	338.48914	1.200,00 €
ASOC HABANERA TARDADE	Organización festas	***8383*	338.48914	1.200,00 €
ASOC FESTAS A TORRE	Organización festas	***9003*	338.48914	1.200,00 €
ASOC VILAPEDRE	Organización festas	***5448*	338.48914	1.200,00 €
COMISIÓN INTERPARROQUIAS NETE-LADRA-NOCHE	Organización festas	***0776*	338.48914	1.200,00 €
ASOCIACIÓN ENTRE ALDEAS TORRE- ALBA-BOIZÁN-INSUA	Organización festas	***8967*	338.48914	1.200,00 €

Vilalba, 6 de novembro de 2024.- A alcaldesa, Marta M.^a Rouco Seoane.

R. 3463

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (*TR Lei r/ das facendas locais*), expónse ó público, durante o prazo de **15 días hábiles**, o expediente de “*modificación de créditos número 43/2024 (TC16/2024) coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto*”, que se aprobou polo Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/10/2024, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as alegacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ao mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 6 de novembro de 2024.- A alcaldesa, Marta M.^a Rouco Seoane.

R. 3464

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ**Anuncio****APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2024****Elevación automática a definitivo do acordo de aprobación inicial do orzamento de 2024, cadro e plantilla de persoal.**

Finalizado o prazo de exposición ao público do acordo de aprobación inicial do Orzamento do exercicio 2024, as súas Bases de Execución, Cadro e Plantilla de Persoal, adoptado polo Xunta Plenaria da Mancomunidade de Municipios da Terra Cha (Lugo), en sesión celebrada o 01 de outubro de 2024, sen que fora presentada alegación ou reclamación algunha, de conformidade co establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o referido acordo elévase automaticamente a definitivo.

En cumprimento do disposto no citado artigo 169 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no artigo 20.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e no 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o resume por capítulos do referido orzamento, así como o cadro e plantilla de persoal, e as indemnizacións e asistencias:

A. RESUME POR CAPÍTULOS DOS ESTADOS DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2024:**ESTADO DE GASTOS**

Capítulo	Expresión	Crédito inicial €
1.	Gastos de persoal	472.156,62
2.	Gastos en bens correntes e servizos	83.536,45
3.	Gastos financeiros	300,00
4.	Transferencias correntes	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		555.993,07
6.	Investimentos reais	1.600,00
7.	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS OUTRAS OPERAC. NON FINANCEIRAS		1.600,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		557.593,07
8.	Activos financeiros	3.000,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		3.000,00
TOTAL ESTADO DE GASTOS		560.593,07

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Expresión	Crédito inicial €
1.	Impostos directos	0,00
2.	Impostos indirectos	0,00
3.	Tasas e outros ingresos	0,00
4.	Transferencias correntes	557.333,07
5.	Ingresos patrimoniais	260,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		557.593,07
6.	Enaxenacións inversións reais	0,00
7.	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OUTRAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		0,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		557.593,07
8.	Activos financeiros	3.000,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		3.000,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS		560.593,07

B. ANEXO DE PERSOAL.**a. FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Denominación da praza	Núm. prazas	Situación/Observacións	Grupo
Secretario/a xeral	1	Acumulación funcións ao 15% da xornada.	A1
Tesourero/a	1	Acumulación funcións ao 15% da xornada.	A1
Arquitecto técnico	1	En propiedade persoal laboral fixo.	A2
Administrativo/a	1	Vacante(cuberto interina).	C1

b. PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación da praza	Núm. prazas	Situación/ Observacións	Grupo
Traballador/a Social	4	En propiedade	II
Educadora familiar	1	En propiedade	II
Conductor/a	1	Vacante (cuberto persoal laboral temporal)	IV
Conductor/a	1	Vacante	IV
Conductor/a prevención, extinción e recuperación de incendios	1	Vacante	IV

C. INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS:

Os membros corporativos sen dedicación exclusiva ou parcial percibirán en concepto de dietas por asistencia ao órganos colexiados as seguintes contías brutas:

a)Por asistencias ás sesión da Xunta Plenaria: 250,00 Euros brutos sesión/corporativo.

b)Por asistencias a sesións das Comisións Informativas e da Comisión Permanente: 150,00 Euros brutos sesión/corporativo.

Aqueles membros da Corporación que realicen comisións de servizo fora do termo municipal do municipio de orixe terán dereito a ser indemnizados nas condicións e polas contías fixadas na normativa estatal sobre indemnizacións por razón do servizo. Igualmente terán dereito a percibir a indemnización de 0,26cm por quilómetro percorrido con vehículo propio.

De conformidade co establecido no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ó de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, sen que a súa interposición suspenda por sí soia a aplicación do orzamento definitivo aprobado pola Corporación.

Cospeito, 5 de novembro de 2024.- O presidente, Don Armando Castosa Alvaríño.

R. 3465
